



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

AT. SR/A. DIRECTOR/A

En relación co escrito recibido da Deputación Provincial da Coruña para a "Campaña de Esqui 2019", na que se lle conceden ao Concello de Narón 13 **prazas** para a participación na dita Campaña, na 3ª **quenda** (Do 8 de febreiro ao 11 de febreiro de 2019) teño a ben achegarlle a seguinte documentación :

- **Ficha de inscrición** (deberá ser entregada no Rexistro do Concello de Narón con data límite o 10 de xaneiro de 2019, tal e como sinala o díptico da Deputación)
- **Díptico da Campaña**

Unha vez rematado o prazo de inscrición, se o número de solicitudes excede nas 13 prazas concedidas, levarase a cabo no Concello de Narón, un sorteo público ante o Secretario Xeral do Concello.

Esperando resulte do seu interés,

Atte.

Narón, 27 de decembro de 2018

A Concelleiro de Deportes de Narón

Román Romero Franco.

D. José Manuel Blanco Suárez
Alcalde do Concello de Narón
Praza do Concello
15578 NARÓN

En A Coruña, a 26 de decembro de 2018

Estimado Sr. Alcalde:

Rematado o prazo de solicitude para participar no programa **“CAMPAÑA DE INVERNO 2019”**, prácame comunicarle que o concello que preside foi incluído nesta actividade, para a que se lle adxudican **13 PRAZAS**.

A estancia e manutención desenvolveranse en aloxamentos ubicados na **estación invernal de Cabeza de Manzaneda**. Próximamente, enviaremos carteis e trípticos con datos máis precisos da campaña.

Asímesmo, recordamos que as preinscricións serán no concello, con data límite o 10/01/2019 (os concellos presentarán no Rexistro de Entrada da Deputación a listaxe dos/as nenos/as con data límite o 16/01/2019 ás 14:00 horas, adiantarán dita listaxe por correo electrónico a gabinete.deportes@dacoruna.gal.

A quenda que lle corresponde ao seu concello é a 3ª QUENDA, dende o **08/02/2019** ó **11/02/2019**.

As idades dos rapaces/zas participantes serán de 11 a 15 anos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2019), e aboarán **85,00 € (oitenta e cinco euros) como cota de participación**; para o que lles enviaremos o número de conta onde facer o ingreso, fando constar no mesmo **“CAMPAÑA DE INVERNO 2019 – DEPUTACIÓN DA CORUÑA”**, ademais do **NOME** do neno/a.

O transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta está incluído na oferta; os puntos da comarca onde terá lugar a recollida notificarase con abonda anticipación.

TERÁN PREFERENCIA OS/AS RAPACES/ZAS QUE NON FORAN A NINGUNHA CAMPAÑA DA NEVE DA DEPUTACIÓN. Recórdolle que é imprescindible, no suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas pola Deputación, realizar un sorteo público ante o/a Secretario/a do concello para adxudicar as mesmas. Neste senso, solicitarase a correspondente certificación que se remitirá á Deputación.

Para calquera dúbida ou aclaración que precise, non dubide en pórse en contacto co **Gabinete de Presidencia desta Deputación, teléfono nº 981 08 06 44**; de tódolos xeitos, toda a información que se vaia engadindo á actividade incorporarse á páxina web de consulta www.dicoruna.es/deportes/actividades.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

José García Liñares
Deputado de Deportes e Mocidade